



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARES

Convocatoria-bases para a selección de 7 peóns para os servizos municipais de limpeza de praias verán 2026 do Concello de Ares

ANUNCIO

Vista da Resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa MA100: subvencións a concellos para limpeza de praias marítimas no ano 2026, publicada no BOP nº 57 de 26 de marzo de 2026.

Aprobadas as Bases e a convocatoria para a selección de sete (7) peóns para o programa de limpeza de praias do Concello de Ares por acordo adoptado pola Xunta Municipal de Goberno en sesión celebrada en data 27/04/2026, por medio do presente faise pública dita convocatoria, aos efectos oportunos.

“BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE 7 PEÓNS PARA OS SERVIZOS MUNICIPAIS DE LIMPEZA DE PRAIAS VERÁN 2026.

PRIMEIRA.- OBXECTO.-

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de 7 PEÓNS co fin apoiar aos concellos da provincia no sostemento dos gastos da contratación dirixidos á limpeza de súas praias marítimas durante a tempada de verán.

SEGUNDA.- MODALIDADE.-

A modalidade de contratación, tendo en conta o obxecto da convocatoria será o contrato de traballo de duración determinada que só poderá celebrarse por circunstancias da produción, cunha duración de 2 meses (a determinar pola entidade contratante) e unha retribución mensual que coincidirá co salario mínimo interprofesional aprobado polo estado e acorde ca xornada laboral pola que se formalice o presente contrato.

TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.-

Nos termos do EBEP o sistema de selección, en atención ao obxecto, ao reducido prazo de contratación, á grave situación de desemprego existente no noso país (e concretamente na nosa comarca que ademais carece dun sector de aproveitamento primario e secundario), e á finalidade social que se lle pretende outorgar consistirá nunha baremación das circunstancias socioeconómicas aplicando os baremos establecidos no Anexo I e unha entrevista con exposición curricular acorde co posto a ocupar e as súas funcións.

CUARTA.- DURACIÓN DO CONTRATO E XORNADA LABORAL.-

A duración do contrato será de dous meses contados a partir da sinatura do mesmo. Os aspirantes que superen o proceso de selección, están obrigados a prestar unha xornada completa, na medida e xeito requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá, ou tarde, fraccionando a xornada se fose preciso, respetando os descansos semanas preceptivos.

QUINTA.- CONDICIÓ DOS ASPIRANTES.-

Para formar parte neste proceso de selección, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ser español, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, estes últimos, acorde co disposto na Lei 17/1993, de 23 de decembro.
- b) Ter cumpridos 16 anos.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo para o que se opta.
- d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

SEXTA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

As solicitudes para tomar parte no proceso de selección deberán facerse mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde, no modelo no Anexo II, que se facilitará a tal efecto no Rexistro Xeral do Concello, e presentaranse no propio Rexistro Xeral do Concello en horario de 9:00 a 14:00 h.

Xunto coa instancia deberá achegarse a documentación que de seguido se relaciona.

- Fotocopia do D.N.I.
- Documentación a valorar no Anexo I
- Fotocopia da Tarxeta de Demandante de Emprego actualizada.
- Informe de Vida Laboral actualizada.

No suposto de que non poda acreditarse a antigüidade como demandante de emprego mediante: “Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada” e “Informe de Vida Laboral”, deberá acreditarse mediante un Informe emitido pola Oficina do Servizo Público que Emprego no que figure a antigüidade do candidato como demandante de Emprego.

A apertura deste proceso de selección comezará o día seguinte a publicarse a presente convocatoria no B.O.P. ademais da súa publicación na páxina web do Concello de Ares.

O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles.

SÉPTIMA.- COMISION DE SELECCIÓN.-

A Composición da Comisión Seleccionadora se determinará por Resolución da Alcaldía previa proposta do Concelleiro de Recursos Humanos, Plans, Emprego e Educación no momento da finalización do período de solicitudes dos aspirantes ao posto.

Estará integrada por 5 membros: Presidente, 3 Vogais e Secretario, que poderán ser funcionarios do Concello de Ares ou Persoal Laboral fixo.

A súa vez, a Comisión Seleccionadora poderá neste caso servirse de apoio de Asesores que garden directamente relación e xestión co programa obxecto de financiación

OITAVA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Comisión Seleccionadora avaliara as solicitudes presentadas e publicarase a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos (neste caso con indicación das causas que motivaron a exclusión) que se fará pública no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello).

A continuación, facilitarase un prazo de 5 días naturais para que todos aqueles aspirantes excluídos poidan emendar as deficiencias detectadas na súas solicitudes ou as causas da súa posibles exclusión e así mudar a listaxe de aspirantes definitiva que se fará pública no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello).

NOVENA.- SELECCIÓN DE ASPIRANTES.-

A selección dos aspirantes por parte da Comisión Seleccionadora farase mediante un criterio de puntuación composto por dúas fases, acadando a suma de ambas unha puntuación máxima total de 10 puntos e a máxima que pode acadar cada aspirante.

Primeira fase.- A Comisión Seleccionadora, en base ás circunstancias socioeconómicas acreditadas pola documentación aportada polo propio solicitante e a que obre en poder do propio Concello, adxudicaralle a cada un deles a puntuación correspondente por estes criterios.

A puntuación máxima a acadar nesta fase no poderá exceder do 60% da puntuación máxima total.

Segunda fase.- A cada un/unha dos/as aspirantes previamente admitidos/as e valorados na primeira fase, realizaráse-lle unha entrevista con exposición curricular outorgándolles por esta unha puntuación correspondente.

A puntuación máxima a acadar nesta fase no poderá exceder do 40% da puntuación máxima total.

A puntuación final será a suma da acadada na primeira fase e na segunda fase, establecendo o resultado final que determinará o posto definitivo do aspirante.

DÉCIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.-

Concluída a cualificación do proceso de selección, a Comisión publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal a relación de tódolos aspirantes coa puntuación final.

A comisión seleccionadora elevará á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor dos/as aspirantes que obtiveron a puntuación total máis alta (a Comisión non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas ou propostas posteriormente).

UNDÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da corporación procederá á contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as pola Comisión Seleccionadora, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de 10 días naturais, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMAS FINAIS.-

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou aquilo que as contradigan, será de aplicación supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como a actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

ANEXO I .**CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PEÓNS PARA LIMPEZA DAS PRAIAS.**

- a) Empadroados no Concello de Ares.
- b) Responsabilidades familiares: cónxuxe , fillos e fillas menores de vinteséis anos e persoas maiores dependentes .
- c) Persoas pertencentes aos colectivos con maiores dificultades de inserción, en especial os definidos como preferentes nos plans nacionais e autonómicos de Acción para o emprego e/ou atoparse en risco de exclusión social, atendendo aos informes dos servizos sociais municipais ou análogos.
- d) Tempo transcorrido dende o último emprego desenrolado.
- e) Experiencia laboral relacionada co posto de traballo a desenvolver

ANEXO II**SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DE 7 PEÓNS DE LIMPEZA DE PRAIAS VERÁN 2026.**

D/D^a. _____, con DNI nº _____ e enderezo a efectos de notificación en R/ _____ da

localidade de _____, provincia de _____, con número de teléfono de contacto _____.

En virtude da convocatoria emitida por este Concello para a provisión en réxime laboral temporal de 7 peóns para os servizos municipais de limpeza de praias no verán do 2026.

____ MANIFESTA que reúne todas e cada unha das condicións referidas na base quinta e polo tanto, (marcar cunha X)

SOLICITA se teña por presentado este escrito en tempo e forma, e se me declare admitido/a para formar parte en calidade de aspirante no proceso de selección referido.

En _____ a ____ de _____ de 2026.

Asdo:

DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA (De acordo co establecido na Base Sexta das bases da convocatoria)

____ Fotocopia de DNI

____ Documentación a valorar no Anexo I

____ Tarxeta de demandante de emprego

____ Informe actualizado de vida laboral ou Informe emitido pola Oficina do Servizo

Público que Emrego (no caso de que na tarxeta de demandante de emprego non quede acreditada a antigüidade como desempleado/a).

(marcar cunha X)

Ares, a 27 de abril do 2026.

O Alcalde,

Asdo. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

2026/2649